



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Desenvolvemento psicolóxico e aprendizaxe escolar		Código	652606004
Titulación	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado	Barca Enríquez, Eduardo Cuevas Gonzalez, Lino Manuel		Correo electrónico	e.barcae@udc.es lino.cuevas@udc.es
Web				
Descrición xeral	A materia de Desenvolvemento psicolóxico e aprendizaxe escolar pon énfase nos aspectos psicolóxicos do desenvolvemento das persoas e nas variables que inflúen na aprendizaxe escolar e, de forma moi especial, nestes aspectos e naquelas persoas que presentan necesidades específicas de apoio educativo.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	(CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións
A2	(CE-G2)Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe
A3	(CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A4	4. (CE-G4)Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes
A9	9. (CE-G9)Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia
A10	10. (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A14	CE-G14) Respeitar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A29	CE-E15) Coñecer a evolución do mundo laboral, a interacción entre sociedade, traballo e calidade de vida, así como a necesidade de adquirir a formación axeitada para a adaptación apropiada e permanente das distintas profesións (FP).
A30	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización..
A31	(CE-P2) Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
A32	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia
A33	(CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.	AP1		CM1
Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.	AP2		CM3
Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.	AP3		CM4
Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.	AP4		CM7
Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.	AP9		
	AP10		
	AP14		
Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.	AP24		
	AP27		
	AP29		
Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.	AP30		
	AP31		
Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.	AP32		
Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización	AP33		
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.	AP1		CM1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.	AP2		CM3
	AP3		CM4
	AP4		CM7
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.	AP9		
	AP10		
	AP14		
	AP24		
	AP27		
	AP29		
	AP30		
	AP31		
	AP32		
	AP33		

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I: HISTORIA E CONCEPTO	TEMA 1: Historia TEMA 2: Concepto
BLOQUE II: DESENVOLVEMENTO PSICOLÓXICO	TEMA 3: Desenvolvemento psicolóxico de 0 a 2 anos TEMA 4: Desenvolvemento psicolóxico de 2 a 6 anos TEMA 5: Desenvolvemento psicolóxico de 6 a 12 anos TEMA 6: Desenvolvemento psicolóxico na adolescencia
BLOQUE III: APRENDIZAXE ESCOLAR	TEMA 7: Concepcións sobre o ensino TEMA 8: Concepcións sobre a aprendizaxe TEMA 9: Metodoloxías didácticas TEMA 10: Variables cognitivo-motivacionais e socio-emocionais na aprendizaxe TEMA 11: A avaliación d aprendizaxe. TEMA 12: A comunicación



BLOQUE IV: TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO E NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	TEMA 13: Por trastornos do comportamento. TEMA 14: Por trastornos da linguaxe TEMA 15: Por trastornos sensoriais e/ou motrices TEMA 16: Por trastornos intelectuais TEMA 17: Autismo.
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A10 A24 A27 A29 A30 A31 C1 C3 C4 C7	10	0	10
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A27 A29 A30 A31 C1 C4 C7	10	0	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A14 A27 A29 A30 A32 A33 A34 C1 C4 C7	6	28	34
Lecturas	A1 A2 A4 A10 A27 A29 A30 C4 C7	0	2	2
Proba obxectiva	A1 A2 A4 A10 A27 A30 C1 C7	2	40	42
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunas preguntas dirixidas ao estudiantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Esta modalidade acostuma reservarse para unha lección impartida polo profesor, cun contido que supñon unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información.
Estudo de casos	Presentación e descrición dunha situación específica que expón un problema que ha de ser identificado, recoñecido, comprendido e valorado polo alumno/a, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto que lle describe unha situación real da vida e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular. Os casos tratarán sobre os distintos trastornos que se poden presentar no desenvolvemento e aprendizaxe escolar. Os coñecementos necesarios para levar a cabo axeitadamente os estudos serían impartidos previamente.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. Propoñeráse a realización de traballos de grupo, de carácter obrigatorio, ao redor dos temas centrais da materia e para o inicio da súa elaboración facilitarase un pequeno dossier a partir do cal o alumnado deberá ir profundando na materia obxecto de estudo. O resultado dese traballo exponse de forma interactiva utilizando a metodoloxía da presentación oral.
Lecturas	Constitúen un conxunto de textos e temas que irán xurdindo a medida que se avanza na exposición e desenvolvemento da materia e que o alumnado poderá ler para proceder a unha recensión que lle permita profundar nos contidos de interese relacionados (directa ou transversalmente) coa materia



Proba obxectiva	Proba utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, etc. É de aplicación tanto para a avaliación formativa como sumativa.
-----------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Estudo de casos Lecturas	Estas metodoloxías requiren de orientación e seguimento por parte do profesor tanto en horas de clase (que se fará nos grupos interactivos) como en horas de titoría, segundo demánden os alumnos e/o crea conveniente o profesor. Todo iso coa finalidade de realizar un seguimento preciso do alumnado e das súas actividades de aprendizaxe. Será virtual e/o presencial, atendendo ás circunstancias e aos recursos tecnolóxicos existentes. A atención personalizada farase, globalmente, mediante titorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais..

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A14 A27 A29 A30 A32 A33 A34 C1 C4 C7	Requirirán dunha exposición e defensa oral por parte do grupo encargado de cada tema. A valoración desta exposición rexerase pola diractrices que elabora o máster para a realización do TFM.	30
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A27 A29 A30 A31 C1 C4 C7	A realización correcta de cada caso proposto achegará unha puntuación á cualificación final. Cada caso correctamente resolvido puntuará a porcentaxe correspondente do peso total. En caso contrario, non puntuará.	20
Proba obxectiva	A1 A2 A4 A10 A27 A30 C1 C7	Exame sobre os contidos teóricos expostos nas sesións maxistras e sobre o dossier e outros materiais achegados polo profesor. Constará dun mínimo de 40 e un máximo de 160 preguntas, con 4 alternativas das cales só 1 (unha) será correcta. Para a súa corrección aplícase a fórmula de corrección do azar, é dicir, téñense en conta os erros e as omisións que se produzan. Débese obter, como mínimo, unha puntuación de catro sobre dez.	40
Lecturas	A1 A2 A4 A10 A27 A29 A30 C4 C7	Valorarase o nivel de profundización e a capacidade de reflexión do alumnado sobre cada lectura proposta.	10

Observacións avaliación

Tanto a realización da proba obxectiva como dos traballos tutelados e a súa correspondente exposición e defensa, considéranse obrigatorios para superar a materia. As cualificacións obtidas nestes apartados sumaranse ás obtidas nos restantes (estudo de casos e lecturas). Considérase aprobada a materia a partir de cinco (5). Calquera puntuación inferior supón a cualificación de Suspenso. A non realización dun ou ambos os apartados obrigatorios supón a cualificación de Non Presentado.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Bautista, R. (1993). Necesidades educativas especiales. Archidona: Aljibe. BERGER, K.S. e THOMPSON, R.A. (1997): Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia. Madrid: Editorial Médica Panamericana. BERK, L.E. (1999): Desarrollo del niño y del adolescente. Madrid: Prentice Hall. Blanco, R. y otros (1992). Alumnos con necesidades educativas especiales y adaptaciones curriculares. Madrid: Centro Nacional de Recursos para la educación especial Educación Especial. Cadenas, C. (1994). Enseñar y aprender en una escuela para todos. Madrid: Centro Nacional de Recursos para la Educación Especial Cañadas, L. (1991-1993). Guía para la búsqueda documental: necesidades educativas especiales. Madrid: Centro Nacional de Recursos para la Educación Especial Castanedo, C. (2001). Bases psicopedagógicas de la educación especial. Madrid: CCS CORDOBA, A.I; DESCALS, A. E GIL, M.D. (Coords.) (2006): Psicología del Desarrollo en la Edad Escolar. Madrid: Pirámide CRAIG, G.J. (2001): Desarrollo psicológico. México: Prentice Hall (8ª ed FELMAN, R.S. (2008): Desarrollo en la infancia. México: Prentice Hall (4ª ed García, E. (1988). La integración escolar: aspectos psicopsicológicos. Madrid: UNED García Pastor, C. (Coord.) (1992). La investigación sobre la integración: tópicos, aproximaciones y procedimientos. Salamanca: Amarú. Garrido, J. (1990). Programación de actividades para educación especial. Madrid: CEPE. Gisbert Alós et al. (1981). Educación especial. Madrid: Cincel. GONZÁLEZ, E. (Coord.) (2000): Psicología del ciclo vital. Madrid: CCS González, A. y Sabaté, J. (1992). La integración de alumnos con necesidades educativas especiales (Ciclo superior de E.G.B.). Madrid: M.E.C. (Centro Nacional de Recursos de Educación Especial). Hegarty, S. (1988). Aprender juntos: la integración escolar. Madrid: Morata. Lou Royo, M.A. y López Urquizar, N. (1998). Bases psicopedagógicas de la educación especial. Madrid: Pirámide. Marchesi, A., Coll, C. y Palacios, J. (Comps.)(1999, edición revisada). Desarrollo psicológico y educación, III. Madrid: Alianza. MIETZEL, G. (2005): Claves de la psicología evolutiva. Infancia y juventud. Barcelona: Herder. MIRAS, F.; SALVADOR, F. e ÁLVAREZ, J. (2001): Psicología de la educación y del desarrollo en la edad escolar. Granada: Grupo Editorial Universitario MORALEDA, M. (1992): Psicología del desarrollo. Infancia, adolescencia, madurez y senectud. Barcelona: Boixareu Universitaria Moya, A., Barrero, N., Reyes Rebollo, M. e Ipland, J. (2000). Enfoque multidimensional de las Necesidades Educativas Especiales. Huelva: Hergué. PAPALIA, D.E., WENDKOS, S. e DUSKIN, R. (2005): Desarrollo humano. Madrid: McGraw-Hill (9ªed PERINAT, A. (2002): Psicología del desarrollo. Del nacimiento al final de la adolescencia. Barcelona: UOC RICE, F.P (2000): Desarrollo humano. Estudio del ciclo vital. México: Prentice- Hall. Sánchez Palomino, A. y Torres González, J.A. (1997). Educación especial (I y II). Madrid: Pirámide. TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords) (2004): Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares. Madrid: Pirámide. Toledo, M. (1981). La escuela ordinaria ante el niño con necesidades educativas especiales. Madrid: Santillana. Varios (1992). Alumnos con necesidades educativas especiales y adaptaciones curriculares. Propuesta de Documento Individual de Adaptaciones Curriculares (D.I.A.C.). Madrid: M.E.C. (Dirección General de Renovación Pedagógica y Centro Nacional de Recursos para la Educación Especial VV.AA. (1994) La educación especial en el marco de la LOGSE: situación actual y perspectivas de futuro. Madrid: Secretaría de Estado de Educación.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Se recomienda los envíos de los trabajos telemáticamente y si no es posible, no utilizar plásticos, elegir la impresión a doble cara, emplear papel reciclado y evitar imprimir borradores. Se debe hacer un uso sostenible de los recursos y la prevención de impactos negativos sobre el medio natural.

Se debe tener en cuenta la importancia de los principios éticos relacionados con los valores de la sostenibilidad en los comportamientos personales y profesionales

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías